# CURSOS GRATUÍTOS DA CONCELLARÍA DE XUVENTUDE

## 1.- Curso preparatorio do Celga 4

**Que**: A Concellaría de Xuventude de Vigo, xunto coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, organiza un curso preparatorio de galego para a superación da proba de nivel do Celga 4 co obxecto de facilitar a participación da xente nova en ditos cursos .
A inscrición nas probas é independente da dos cursos.
**Cando**: . A previsión é que o citado curso dea comezo o 8 de marzo ate o 1 de maio, cun horario de 17:00 a 19:30h de luns a xoves. Duración: 75 horas lectivas
**Onde**: Na Casa da Xuventude
**Inscrición:** As persoas interesadas poderán apuntarse na Casa da Xuventude e no Punto Xove ate o día 22 de febreiro. Só se realizará o curso se contamos cun mínimo de 25 persoas preinscritas.
**Máis información:** Servizo de información ao estudante. Casa da Xuventude.

## 2.- Curso de formación de mediadores en prevención de drogodependencias.

**Que**: A Concellaría de Xuventude e o Plan Local de Drogas e outras Adiccións (PLDA) do Concello de Vigo poñen en marcha un curso dirixido ao colectivo de mediadores/as e educadores/as que traballan, profesionalmente ou como voluntarios/as, con menores e mocidade.
**Obxectivos:**

- Formar ós/ás participantes en drogas e adiccións
- Eliminar falsas crenzas asociadas ao consumo de sustancias mediante unha información obxectiva e reflexiva sobre o tema
- Dotar de estratexias e habilidades que favorezan o desenvolvemento do seu quefacer diario
- Promover a reflexión sobre o seu papel como mediadores/as sociais e axentes de prevención
- Reforzar a importancia da súa tarefa educativa de cara ao desenvolvemento integral dos/das menores e da mocidade

**Onde:** Na Casa da Xuventude (López Mora, 31),
**Cando**: Os días 23, 24 e 25 de febreiro, en horario de 18:00 a 21:00h.
**Inscricións**: Na Casa da Xuventude, por orde de solicitude e ata completar prazas.
**Máis información:** Casa da Xuventude.

## 3.- Charla informativa sobre o programa europeo de Xuventude en Acción. Colaboración con Abertal.

**Que:** A Concellaría de Xuventude, en colaboración coa A.X. Abertal, realiza unha charla para informar das accións do programa europeo: Intercambios xuvenís, iniciativas xuvenís, formación e seminarios.
**Onde:** Na Casa da Xuventude.
**Cando**: O 22 de febreiro, ás 19,00h.
**Inscricións:** Non require inscrición previa.

**4.- Cursos de informática para mozos/as desempregados/as**

**INTRODUCIÓN A OPENOFFICE: TRATAMENTO DE TEXTOS E FOLLA DE CÁLCULO (30h.).**
**Obxectivo**: Coñecer e empregar, dunha maneira básica, o programa de tratamento de textos (writer) e a folla de cálculo (Calc), dentro do paquete de Openoffice.
**Lugar**: No Punto Xove (rúa López de Neira, 27)
**Datas**: Do 1 ao 16 marzo de 2010 (de luns a venres)
**Horario**: De 11:30-14:00h.

**INTERNET PRÁCTICO (14h.)**
**Obxectivo**: Aprender e dominar as técnicas, os recursos e os usos de internet, dun xeito práctico e ameno.
**Lugar**: No Súbete ao Castro (Paseo dos Cedros, s/n. Monte do Castro)
**Datas**: Do 5 ao 9 de abril de 2010 (de luns a venres)
**Horario** : de 17:00 a 20:00h.

**INICIACIÓN Á BASE DE DATOS (20h.)**
**Obxectivo**: Coñecer e empregar de forma básica o programa de base de datos (Base) dentro do paquete de Openoffice"
**Lugar**: Na Casa da Xuventude (rúa López Mora, 31)
**Datas**: Do 12 ao 21 de abril de 2010 (de luns a venres)
**Horario**: De 9:30 a 12:00h.

**INTRODUCCIÓN Á INFORMÁTICA.WINDOWS. (20h)**
**Obxectivo:** coñecer e empregar as diferentes opcións de uso diarias que un ordenador ofrece.
**Lugar:** No Súbete ao Castro (Paseo dos Cedros, s/n)
**Datas:** Do 3 ao 12 de maio de 2010 ( de luns a venres)
**Horario:** De 17:30 a 20h.

**REQUISITOS Xerais:**
- Mozas e mozos de 16-35 anos (nacidos/as entre 1975-1994 )
- Empadroados/as en Vigo.
- Desempregados/as

**PRAZAS**: 15 por curso.

**A INSCRICIÓN** realizarase persoalmente no espazo da Concellaría de Xuventude onde se queira facer o curso (ver calendario).
**O prazo para inscribirse comezará 15 días naturais antes do comezo de cada curso**. As prazas cubriranse por orde de inscrición e, unha vez entregada toda a documentación, a solicitude farase efectiva, resultando inscrito/a no curso.
A asistencia ao curso é obrigatoria

**DOCUMENTACIÓN a entregar :**
- Solicitude cuberta e asinada
- Copia do volante de empadroamento (pódese obter a través da web www.vigo.org)
- Copia da tarxeta de desemprego
- Copia do DNI

**+ INFORMACIÓN e INSCRICIÓN:** www.xuventudevigo.org e nos espazos da Concellaría de Xuventude:
- **Casa Xuventude**: Rúa López Mora, 31. Teléfono 986 29 48 06
- **Punto Xove**: Rúa López de Neira, 27. Teléfono: 986 22 30 04
- **Súbete ao Castro**: Paseo dos Cedros s/n - Monte do Castro (Ao carón da pista de bicis).Teléfono: 986 48 55 41